



Bitácoras do DRIL

MARGARITA LEDO ANDIÓN

Unha caligrafía selecta e progresiva Velo redacta o que será o derradeiro documento do DRIL orixinario, do agrupamento de persoas e de idearios dispaes que levaron adiante unha sorte de *work in progress*, de *happening*, coa utopía como fin de partida. Importantes esas cartas de Humberto Delgado, meses despois, que documentan a súa separación do capitán Henrique Galvão, a quen apón usurpar o protagonismo da operación.

Un feito imperfecto, unha mancha de desencontros, cincocentos xornalistas que chegan, mesmo da China Popular —asegúranos Dominique Lapierre en *Mil soles*—, un pano que tecen pais e fillos, galegos e portugueses, resistentes e opoñentes, o *Santa Liberdade* trae á tona a fidelidade a Galiza de Pepe Velo e de Xosé Fernández, alfa e omega dos comprometidos coa Frente Popular. Un, dende o Partido Galeguista. O outro, dende o Partido Comunista. Os dous cos seus manuscritos políticos, coas súas notas de viaxe, coa súa correspondencia en galego, e porque lle outorgan ao idioma a representación da nación. Ambos os dous configuran o exilio que soubo resistir e que se identificou tanto coa súa época. De Velo escollemos o seu poema final: “Esperanza”.

Cando as persoas dedicadas á pescuda da historia entren nos arquivos de Velo e de Soutomaior, abofé que terán que esquecer moitas consignas, moita fórmula falsa, moitas pauliñas. Porque unha intervención pola liberdade non se pode analizar apenas como un resultado senón como unha construción que transforma a propia persoa que a protagonizou, o seu tempo e o ollar de quen, a día de hoxe, volve mergullarse nunha determinada atmosfera que estes papeis inéditos axudan a retratar ■

Carta de Xosé Velo a Xosé Fernández, Comandante Soutomaior

São Paulo 16/III/61

Fonte: Arquivo Soutomaior

Benquerido compañeiro:

Déboche dúas liñas, agora cando o DRIL conqueriu o creto mundial pola vía doorsa do descreto persoal de quens o temos parido a man.

Agardo con impacenza chegar a isa por mandato das necesidades, pra fixar as ñormas a seguir no futuro pol-a delegación do DRIL en Venezuela.

Hai moitas novidades que se non poden confiar ás cartas. Agora máis que nunca cómpre fechar a orgaizazón a total-as influenzas perniciosas. Limitaivos, até que que eu chegue, a resolver o problema económico das familias e a achegar fondos e axudas, así como relacións pra o futuro inmediato. A miña viaxe debe ser conservada en segredo, até onde as circunstancias e as necesidades o aconsellen, dempois de chegar. Ligai, con moita discrección sempre, cos demais compañeiros. Seguíde cultivando a táctica que eu preconiceí de seguranza, non de desconfianza. Averiguai como se moven os da 2ª bis e os da PIDE. Ter tino co Costa Mota, non porque seña salazariano, pois non o é, mais si porque é parvo, e algo máis que xa direi.

Acércate a Roldán, a Piedad, a Juanola, e dille, sin reparo, qe estás á súa disposición pra todol-os traballos, que agora mesmo ten de ser de recolleita de fondos. Dille que eu che estou decindo moi sinceramente o que lles dixen a iles con relación a ti e a outros compañeiros que tiveron debilidades en certos momentos. E o que lles dixen a iles, que teñen tido menos debilidades, era nin máis nin menos que tiñas emprendido o camiño perigoso da indiscrección, que cásiqe sempre conduz á forma de traición máis noxenta: a traición por vaidade ou por cobardía. Dille que para min e para os outros compañeiros estás en vías de reivindicación. Non che dé pena decirlle isto. Dille que o DRIL é xusto, quer ser xusto e tenro dunha vez, e que o futuro é longo. Dille que Rojas está conosco e que xa comprendeu que o noso estilo non ten moldes prefabricados. Dille que todos temos fallas, aínda que uns as teñan por defeito de acerto e outros por exceso de erro. Dille que antre todos agora mesmo tendes que procurar alcanzar unha cifra tan outa como for posible pra que cando eu chegue se poida facer un xiro



Galvão e Soutomaior en Brasil

importante pra realizar cousa inmediata, moito máis importante. Dille que, antre todos, debes porvos á fala cos de Puerto Ordaz; Moya parece que reaccionou ben pra facer os sacrificios necesarios. Dille que cómpre vixilar os nemigos, e gardarse de que se queimen homes innecesariamente. Dille que cando eu chegue se comprenderán certas fallas, e que agora máis que nunca debemos estar unidos, moi unidos, e fecharnos hermeticamente. Dille que porei un cable así: El niño viaja sólo en tal línea, sale tal día, tal vuelo. Firma: Rosalía. Vós podedes baixar a esperalo, mais sin barullo. Visitade en Comisión oficial ao Sendor Raúl Ramos Jiménez e daille no nome de Carlos Junqueira de Ambía, Director Xeral do DRIL, as máis espresivas gracias pola súa xentileza, pola súa dilixente e decidida intervencón pra arranxar tan axiña a miña situacón pra poder viaxar. Eu irei persoalmente a falar con il no mesmo e en outro sentido cando chegue. Decille que recibín o seu cable, mais que non contestei agradecendo por non facerlle gastos á orgaizacón. Comentai con il moi discretamente que ista operacón sobor do “Santa María” é DRIL puro, e non é xusto nin decente poñerlle outro nome. Tentai de saber como se nos poderá axudar no sucesivo, sobor de todo no tocante a documentos pra viaxar discretamente. Anunciaille e denunciaille a presenza de membros da Policía franquista en Venezuela, chegados nos últimos días, con propósitos, pol-o d-agora, informativos. Garantizaille que o DRIL vai a producir efectos sensacionais moi en breve e que, ademais, se van a revelar feitos que lle restituirán ao DRIL a gloria que lle andan a emporcar algúns fillos da puta. Tende tino co Mario Mendes e familia. Eiquí topamos portugueses moi bons, como aínda non tiñamos alcontrado deica agora. Ligamos a adhesión de cási que todas as orgaizacóns hispanas, menos aquelas que dende o principio nos teñen inxuriado. Hai ademais outras notizas de capitalísima importancia pra o futuro, que importan compromisos que honran o DRIL, pol-o que ten de reconocimiento, ao fin, de quens tiñan durmido moito, producidos tal e como vos tiña falado moitas veces. O DRIL ten tido ‘olfato’ fino, e tal como se prevían as cousas, pra ben e pra mal, todo ten saído acorde coas prevencións. Agardo poder decir directamente canto hai de grandeza niste DRIL que toma rumbo á victoria. Discrección, fe, adicación e apertas de todos pra todos.

Dúas cartas de Humberto Delgado

Movimento Nacional Independente
São Paulo
Brasil
26 Março 62

Exmº Senhor
Comandante D. Lorenzo Serrano
Mui Ilustre Representante Diplomático, em São Paulo
Do Governo da República Espanhola, no Exílio, e
Conselheiro da Legação Diplomática Oficiosa no Brasil
Rua dos Gusmões, 653 aptº 93
SÃO PAULO – Brasil

Nº 175/62

Querido Companheiro de Luta:

Em continuação de minha carta de 9/2/62, informo que fiquei profundamente surpreso ao ver que a revista Ibérica de 15 de março, trazia como primeiro artigo, a colaboração de um indivíduo de nome Henrique Galvão. Agravado o caso por, ridiculamente, aparecer com as “estrelas de Nelson” e a fazer reclame do seu livro cuja venda é o seu grande objectivo. Na verdade enquanto alguns do Santa Maria passam fome, como V.S. bem sabe, êle Galvão declarou-me que até morrer não precisa trabalhar.

Lembro:

a) Que com seu grupo, êle denunciou a revolução (que eu preparei e se desencadeou em 31 de dezembro de 1961/1 de janeiro de 1962) como se pode ver nos jornais de 2 a 6 de outubro de 1961 de São Paulo. Nesta imprensa se afirma que um dos meus emissários a Marrocos, jornalista e oficial de Marinha Mercante, Manuel Serra hoje prêso e torturado pela PIDE — tinha despachado material de guerra, daquele país para Portugal, com a agravante de que o meu colaborador ainda estava em Tanger, tendo que entrar no meu país depois disso!

b) Disse-se, com base em mensagem dele, que Galvão entrara em Portugal quando tôda a gente sabe que é mentira. A informação provocou naturalmente tremenda vigilância das polícias de Salazar e Franco nas fronteiras e no interior prejudicando altamente a sublevação. Eu que poderia ter partido de Marrocos em outubro, só consegui sair em dezembro.

c) Foi êle a causa do desentendimento que ocorreu depois da vinda do Santa Maria para o Brasil, entre portugueses e espanhóis. Tudo isto V.S. saberá nalguns pontos melhor do que eu. Assim no que respeita ao navio, saberá que embora obra em grande parte dos espanhóis, apareceu monopolizado, pelo dito Galvão.

Agradecendo as providências que a V.S. pareçam adequadas para ver se se neutraliza a ação nefasta deste indivíduo, apresento com os protestos da minha alta consideração.

Os melhores cumprimentos
Pró-Pátria, Pró-Liberdade

Gen. Humberto Delgado

General Humberto Delgado
Da Força Aérea Portuguesa
R. Senador Vergueiro,
174 aptº 502 (Flamengo)
Rio de Janeiro

Fone: 45-9651

Incidentalmente em São Paulo,
4 de Outubro de 1962

Ilmº Senhor
Professor Velo Junqueira Ambia
A/C do Sr. Com. Lorenzo Serrano
Rua Frei Caneca, 469 aptº 11
SÃO PAULO

Nº 671/62

Caro Companheiro de Luta:
Assunto: Processo judicial, posto por
Henrique Carlos da Malta Galvão,
na 18ª vara criminal do Tribunal de São Paulo.

Dada a importância da sua acção e dos companheiros espanhóis no caso do navio Santa Maria — incluindo os portugueses — quando outros chefes os abandonavam à sua sorte, venho solicitar-lhe, para efeitos do processo em que sou presumido delinquente, que se digne informar objectivamente e por escrito:

a) Se de facto muitos dos participantes não passaram ou estão passando por grandes dificuldades materiais e quais as presumíveis ou reais causas.

b) Se alguma vez me ouviu defender doutrina comunista nos diversos contactos que tivemos, já que em processo oficialmente baseado em fictícia base de calúnia, injúria e difamação, o queixoso começa por se referir ao Movimento Nacional Independente que lidero, em termos de “foice e martelo” (sic), acção que sôbre ser inqualificável como demonstrarei, mais parece mostrar que o queixoso tende, não a provar que eu cometi um delito sob alçada do Código Penal, mas a transformar a justiça brasileira em apreciadora ou julgadora da política portuguesa, com todos os meandros inerentes à miséria humana, em julgamento que, a dar-se, poderá revestir aspecto de circo cómico e triste.

c) Se teve conhecimento que o queixoso esteve (como me confessou) para meter entre os participantes no golpe ao navio, um português cujo primeiro nome tem a inicial S e é tido como comunista, como êle sabia e me disse — o que, como também o mesmo me disse — só se não deu, por conflito de última hora, que êle atribui a cobardia de “S” em embarcar. (Aliás não atribuíu cobardia só aquele, como V.S. saberá).

d) Embora eu ache extremadamente descabida a linha política que o queixoso pretende imprimir ao proceso, desviando-o da sua função, o mais que V.S. possa indicar acerca do grau de veracidade que possam merecer afirmações do queixoso, dada a sua reputação de pouco dado à verdade.

Os meus cordiais cumprimentos
Pró-Pátria, Pró-Liberdade

Humberto Delgado

Poema de Xosé Velo Mosquera
Outubro, 1971

Espranza

Malia o dente que come a semente.
Dito popular

De donde me vén o folgo
para cantar tanta espranza...

Ai o ámbito propicio
Ai a axeitada labranza
Ai a semente no sulco
endexamais devorada
e as oportunas regas
e graza da poupanza

Ai a terra, eterna virxe
milenios a deflora.
Ai a colleita pra todos
a matar tódalas fames...
E os soños sen pesadelo
ai! o soñar acordado!

Inercia de quen vai indo
Graza eterna de ir chegando

Malia que endexamais algo dera

Malia quen sen consolar chorara

Malia que para chegar espera

Malia quen para viver matara

Pois que perguntas, xa sabes
de donde me vén o folgo
para cantar miña espranza:

Da visión do futuro
anque sempre se chega,
endexamais se alcanza.

